





Ola, son **Xurxo Mariño Alfonso**
e o 27 de abril de 2012 estarei na Biblioteca Central Rialeda
para falar sobre
“Unha viaxe á máquina da mente”
nesta sinxela guía podes consultar algúns libros e DVD que a
biblioteca seleccionou para ti relacionados con esta
charla científica.




“Experimentos sesudos con el cerebro”, de Nick Arnold
Divertidos experimentos para poñer a funcionar o caletre.
Pon a proba esa masa de cor rosado-vermella de
aproximadamente 1.280 gramos e uns 100.000 millóns de
neuronas, que tes entre orella e orella.




“El libro del cuerpo humano del Dr. Frankenstein”

Da man do doutor Frankenstein vas coñecer todas
as partes do corpo. Todos os elementos necesarios
para “construír” un ser humano. Unha delas é o
sistema nervioso central, que controla e coordina
case todo o que ocorre no interior do corpo: sen ir
máis lonxe, cómo estás interpretando a información
contida nestas recomendacións bibliográficas.



“Asombroso cerebro” de Adolfo Cassan

Efectivamente: o cerebro é un órgano asombroso. Está
constituído por sofisticadas estruturas capaces de
procesar milleiros de funcións simultaneamente. Cada día
coñecemos máis deste complexo “ordenador”, pero aínda
queda moito por investigar para saber con exactitude onde
reside o control das principais funcións mentais. Polo seu
tamaño e sofisticación o cerebro humano non ten igual no
reino animal.





“Las neuronas” e “El cerebro” da colección Érase una vez..., “El cuerpo humano: el universo del cerebro” e “Didavision 11”

Catro DVD para coñecer máis do cerebro, as
neuronas, fisioloxía do sistema nervioso, e
procesos químicos que teñen lugar entre as
células que constitúen o noso órgano máis
complexo. Para os/as *nostálicos/as* adicamos
especialmente os 2 DVD da serie hispano-
francesa de debuxos animados de finais dos
anos 80.

Sabías que
2012 é o Ano da Neurociencia
en España?

"Entra en tu cerebro" de Sandra Aamodt e Sam Wang

Medra cada día o interese por coñecer os temas relacionados co cerebro: así é manifestado pola cantidade de buscas que orixina na Rede. Este libro pretende explicar esas cousas de todos os días, dun xeito ameno e sinxelo, fuxindo de explicacións enguedelladas. Algúns interesantes artigos deste libro: *¿La acupuntura funciona?*, *¿La música es como un lenguaje?*, *¿Cómo sabe tu cerebro si un chiste tiene gracia?*, *¿Por qué se contagian los bostezos?*, etc.




"El alma está en el cerebro: radiografía de la máquina de pensar", de Eduard Punset

O coñecido divulgador Eduard Punset, achéganos neste libro, as reflexións das investigacións máis destacadas sobre os adentros do cerebro. As emocións, as ideas, os desexos, proceden das intrincadas operacións que teñen lugar no noso cerebro. Parece que neste século XXI estánse descifrando algunhas claves ata o de agora, impenetrables.

"Cómo funciona el cerebro" de Francisco Mora

A neurociencia é un dos eixos da investigación científica do presente século. Coñecer como funciona o cerebro significa coñecer como se producen os procesos mentais, a conciencia, a subxectividade, temas que aínda son enigmas para a ciencia. Moito se ten avanzado, xa que sabemos, en parte, como van determinados procesos de aprendizaxe e memoria, emocións, sono, conduta, etc.



DAVID LINDEN

EL CEREBRO ACCIDENTAL

La evolución de la mente y el origen de los sentimientos



PAIDOTRÁFICO

"El cerebro accidental: la evolución de la mente y el origen de los sentimientos" de David J. Linden

A diferenza da crenza habitual, de que o cerebro é a máxima expresión do deseño intelixente, para este profesor da Universidade John Hopkins, o cerebro é unha especie de zaragallada improvisada que, a pesar dos seus cortocircuitos, consegue unha increíble serie de funcións. Explica como as limitacións do cerebro deron lugar ás principais propensións e debilidades do ser humano: o amor, as relixións, etc.